





Foto: Marta Barandela González

OUTUBRO 2024

RESUMO MENSUAL DE ACTIVIDADES





A fotografía do mes de outubro no calendario do CINBIO é “Mouchos, curuxas, sapos e bruxas”, realizada pola investigadora do grupo Neurocircuits. Unha microfotografía realizada cun microscopio de campo claro onde se mostra un ollo de lamprea da especie *Petromyzon* en estadio larvario.



Seminario Margarita Poza

O xoves 3 de outubro, a Dr. Margarita Poza (Investigadora do Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña e profesora asociada da Universidade da Coruña) ofreceu o seminario “Microbioma y cáncer colorrectal”, dentro do ciclo “CINBIO Seminar Programme”.

[Máis información.](#)



Falemos de ciencia en igualdade

O 4 de outubro celebramos a V edición de *Falemos de ciencia en igualdade*, que contou co apoio da Unidade de Igualdade da UVigo. Os relatorios de Rocío Benavente, Elena Lázaro e Zoe Seoane formaron parte do programa, que pechou cun coloquio moderado por Verónica Salgueiriño. [Máis información.](#)



Seminario Bioseguridade

O xoves 10 de outubro, a responsable do servizo de bioexperimentación do CINBIO, Marina Peña Penabad, impartiu o seminario Introducción á cultura da bioseguridade, co fin de que o persoal do centro adquira coñecementos básicos sobre avaliación, prevención e xestión dos riscos biolóxicos. [Máis información.](#)



CellCOM e o apoio de ASARGA

O grupo CellCOM, liderado no CINBIO pola investigadora María Mayán, recibiu a primeira bolsa Carolina Cerezo outorgada por ASARGA, coa que se iniciará un proxecto para aumentar o coñecemento en sarcomas menos coñecidos e atopar así novas terapias. [Máis información.](#)



Visita a un colexio de Aldán

O 11 de outubro, persoal do grupo ORCHID do CINBIO visitaron o Colexio Sagrada Familia de Aldán, en Cangas do Morrazo. O estudiantado de terceiro e cuarto de ESO tivo a oportunidade de entrevistar á catedrática Rosana Álvarez e asistir ás demostracións de Óscar Iglesias. [Máis información.](#)



Visita Xunta de Galicia

O día 16 recibimos no CINBIO ao secretario xeral de Universidades e á directora da Axencia Galega de Innovación, que visitaron as novas infraestruturas e equipamentos do noso centro, acompañados pola vicerreitora de Investigación e o reitor da Universidade de Vigo. [Máis información.](#)



Seminario Manuel Martín

O xoves 17 de outubro, a Dr. Manuel Martín Pastor, responsable da Unidade de Resonancia Magnética da USC, ofreceu o seminario “A survey of experiments for filtering and editing NMR signals”, dentro do ciclo “CINBIO Seminar Programme”.
[Máis información.](#)



Fundraising inclusivo

O venres 18 de outubro celebramos a xornada *Fundraising inclusivo como forza de cambio social*. Unha acción que contou co apoio da Unidade de Igualdade co apoio de xerar un espazo para reflexionar sobre a sostibilidade financeira dun centro académico. [Máis información.](#)



Nanopartículas magnéticas

A líder do grupo de Nanomateriais Híbridos do CINBIO, Verónica Salgueiriño, desenvolve coa investigadora Nicole F. Steinmetz nanoestruturas con virus vexetais e nanopartículas magnéticas para a futura aplicación de terapias. [Máis información.](#)



Visita Ikerbasque

O equipo do CINBIO formou parte da delegación galega que viaxou ata o País Vasco para coñecer de preto o sistema Ikerbasque. Unha gran oportunidade para fomentar o intercambio e a colaboración científica cos centros de investigación da Rede CIGUS. [Máis información.](#)



Seminario Verónica I. Doderer

O mércores 30 de outubro, Verónica I. Doderer (*University of Bielefeld, Faculty of Chemistry, Bielefeld, Germany*) ofreceu o seminario “Supramolecular Medicine: From models to gluten-related disorders”, dentro do ciclo “CINBIO Seminar Programme”.
[Máis información.](#)



Estudo de TeamNanoTech

Un estudo liderado polo grupo TeamNanoTech presenta un innovador deseño de lipoxeles que permiten a liberación controlada e independente de múltiples fármacos quimioterapéuticos. Abre novas vías para enfoques de tratamento máis precisos e personalizados. [Máis información.](#)

NOVIEMBRE 2024

PRÓXIMOS EVENTOS



14 de novembro Seminario de Javier Martínez

O xoves 14 de novembro o Prof. Javier García Martínez impartirá o seminario “Reimaginando nuestra relación con el planeta a escala molecular” dentro do ciclo CINBIO Seminar Programme. Será ás 11:00 horas na Sala de Seminarios da Torre CACTI.


[Máis información.](#)

#teamCINBIO

Son benvidas todo tipo de suxestións e ideas sobre as áreas temáticas das actividades formativas así como propostas de seminarios e clases maxistrals. Igualmente, aquelas persoas que queirades participar presentando a vosa investigación no ciclo “Coñece ao #teamCINBIO”, non dubidedes en facérnolo saber.

Proximamente máis información:

- Venres 29 de novembro: Andrés Guerrero Matínez



cinbio.es

